



**CERES**  
CONFEDERACIÓN DE MUJERES  
DEL MUNDO RURAL



sindicato  
labrego galego  
comisións labregas



## Declaración LABREGA de Cáceres

**NOSOUTRAS**, labregas chegadas de diferentes países de Europa, reunidas en Cáceres durante o seminario europeo “*Labregas polos nosos dereitos*” durante os días 27, 28 e 29 de abril, cansas da invisibilización á que frecuentemente nos someten as propias administracións a través, entre outras, das políticas agrarias e de desenvolvemento rural, e logo de comprobarmos que durante o foro oficial organizado pola Presidencia Española da Unión Europea -celebrado tamén estes mesmos días en Cáceres- que todo o mundo falou de nós sen darnos voz, queremos lembrar ás administracións públicas **QUE AS LABREGAS ESTAMOS EIQÚÍ**, e que **como labregas desempeñamos un papel crave na produción de alimentos na Europa e tamén no desenvolvemento e na vida dos nosos pobos.**

Estamos **fartas da invisibilización á que nos someten as actuais políticas agrarias**, que consideran ás mulleres que desenvolvemos a nosa actividade nas explotacións agrarias familiares coma outra “propiedade” do titular da explotación, negándonos así os nosos dereitos a ter ingresos propios e á titularidade da explotación, aínda cando co noso traballo contribuímos a xeralos e a mantelos na mesma medida que os nosos compañeiros.

Non estamos dispostas a seguir aguantando a exclusión de miles de campesiñas da Seguridade Social, xa sexa por razóns económicas -tamaño da explotación-, culturais ou burocráticas.

Enfrontándonos a esta situación, e diante do debate que nestes momentos está a iniciarse sobre a reforna da Política Agraria Común (PAC 2013), **reclamamos da Presidencia Española da Unión Europea e das institucións comunitarias:**

1. Que se recoñeza a **titularidade compartida ao 50% dende a PAC**, desenvolvendo un estatuto xurídico que garanta ás labregas tanto os ingresos económicos como todos os demais dereitos que leva a titularidade da explotación.

2. **Eliminar a esixencia dun mínimo**, tanto de superficie produtiva como de ingresos, para o acceso á actividade agraria, xa que este condicionante discrimina ás pequenas explotacións, sendo estas as que están fundamentalmente en mans das mulleres.

3. Que a formación agraria transmitida, tanto nas escolas agrícolas como noutros ámbitos, incorpore a **igualdade de xénero como materia a impartir**, contando con persoas formadas neste ámbito para realizaren o seu labor docente.

4. A aplicación de **medidas de acción positiva até conseguir a plena igualdade das mulleres**.

5. A garantía, por lei, da participación das mulleres campesiñas na toma de decisións, facendo **obligatorio o cumprimento das leis de paridade por parte das organizacións agrarias**.

6. O compromiso explícito, por parte das institucións europeas, de **que non haberá impactos negativos para as campesiñas na elaboración dos orzamentos para a PAC**.

7. Que as **políticas de igualdade sexan transversais**, para que a igualdade sexa un punto cruce a considerar no momento de definir a PAC e o desenvolvemento rural.

**NOSOUTRAS TRABALLAMOS, NOSOUTRAS PRODUCIMOS,  
NOSOUTRAS DECIDIMOS**